



# BOP

MIÉRCOLES, 20 DE ENERO DE 2016

Nº 015

## DIPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

##### *Anuncio*

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado **Reelectrificación de Seixas (Cospeito) exp. 009/2010 A.T.**

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **3 de febreiro de 2016** convócaselles ao pagamento dos predios **número 1, 2, 7, 11, 12 e 44** e o día **4 de febreiro de 2016 para os predios número 21, 22, 23, 24, 27, 39, 40 e 45** na Casa do Concello de Cospeito segundo as resolucións ditadas polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir aos propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de Decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 11 de xaneiro de 2016.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 0060

### CONCELLOS

#### MONFORTE DE LEMOS

##### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 6º BIMESTRE DO EXERCICIO 2015 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Resolución de Alcaldía do día 30 de decembro de 2015 aprobouse o padrón da Taxa pola Recollida do Lixo do sexto bimestre do exercicio 2015

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 12 de febreiro de 2016 ata o 15 de abril de 2016

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola Recollida do Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras

3) A través da páxina web do Concello *www.monfortedelemos.es*

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 11 de xaneiro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0061

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

#### **CORRECCIÓN DE ERRO.**

Advertido erro no anuncio relativo á aprobación dos padróns tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2015 onde di:

“Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 4 de xaneiro de 2015 ó 18 de marzo de 2015”

Debe dicir:

“Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 4 de xaneiro de 2016 ó 18 de marzo de 2016.”

En Monterroso, a 11 de xaneiro de 2016.- O Alcalde-Presidente, Jesús Otero Calvo

R. 0062

---

## PALAS DE REI

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2016**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada en ata 30 de decembro de 2015, o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2016, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría-Intervención deste Concello polo prazo de 15 días hábiles -que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo os interesados poidan formular as reclamacións que consideren pertinentes, as cales deberán dirixirse ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presenta reclamación alguna; en caso contrario, o Pleno disporía de un mes para resolvelas. Unha vez aprobado definitivamente, o orzamento, resumido por capítulos, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Palas de Rei, 8 de xaneiro de 2016.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0063

---

## POL

### *Anuncio*

Aprobadas polo Pleno Municipal de data 18 de xaneiro de 2016 as Bases para a cobertura en propiedade do posto de traballo de Secretaría-Intervención do Concello de Pol, expónse ao público durante o prazo de 15 días ao efecto do disposto no artigo 27 do decreto 49/2009, de 26 de febreiro.

Os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría Municipal, en horario de oficina.

De non producirse reclamacións considerarase aprobado definitivamente.

“Posto: Secretaría-Intervención.

Poboación a 01-01-2015: 1.732 habitantes.

Nivel de complemento de destino: 26.

Complemento específico anual: 8.652 €.

**Méritos específicos:**

1.- Apartado de méritos profesionais (ata un máximo de 0,72 puntos):

1.1. Por servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal da Subescala de Secretaría-Intervención en Concellos de Galicia, en réxime de nomeamento definitivo, provisional ou comisión de servizos, nos que a base fundamental da economía sexa fundamentalmente agrícola ou ganadera (0,01 puntos por mes completo de servizos ata un máximo de 0,36 puntos).

Para valorar este criterio, terase en conta as afiliacións en alta laboral por servizos, entendendo que o municipio é prioritariamente agrícola ou ganadero cando ditas afiliacións no sector agrícola ou ganadero (epígrafe agricultura e pesca), superen ás dos demais sectores (industria, construción ou de servizos); e iso segundo as cifras publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE ). Este dato ha de facerse constar nos certificados que aporten as entidades locais en que se prestaron os servizos.

1.2. Por servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal da Subescala de Secretaría-Intervención, en réxime de nomeamento definitivo, provisional ou en comisión de servizos, nos que se tramitase un expediente de Plan Xeral de Ordenación Municipal que chegue polo menos, á fase de aprobación definitiva (0,01 puntos por mes completo de servizos prestados, ata un máximo de 0,36 puntos).

- A experiencia profesional acreditarase, mediante certificación expedida polo Concello ou Entidade na que se prestaron servizos.

2.- Cursos de formación e perfeccionamiento (máximo 0,63 puntos):

Os cursos valoraranse conforme aos seguintes criterios:

- Soamente se valoraran os cursos impartidos polas Administracións Públicas (Administración Xeral do estado, Comunidades Autónomas e Administración Local), centros e escolas públicas dedicadas especialmente á formación de funcionarios (INAP, EGAP,...).

- Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos ou certificados a que se refiren.

- A puntuación máxima neste apartado será de 0,63 puntos.

2.1. Neste apartado valoraranse os cursos que versen sobre materias relacionadas coa área xurídica, o urbanismo, os recursos humanos, organización e xerencia pública, con arranxo ao seguinte baremo (máximo de 0,63 puntos).

Valoraranse o curso de Dirección e Xerencia Pública na Administración Local, o curso de Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, o curso Diploma de Inspección de Servizos da Xunta de Galicia, Curso Superior de Urbanismo.

3.- Actividade Docente (puntuación máxima neste apartado: 0,15 puntos):

- A actividade docente valorarase cando vaia dirixida á ensinanza das materias sobre organización territorial e normativa autonómica de Galica, Réxime Local, Procedemento Administrativo, Contratación Pública, Servizos Públicos, Urbanismo, Persoal, Réxime Económico e Financeiro das Entidades Locais en cursos organizados, homologados ou reconecidos pola EGAP ou INAP, ou realizados en colaboración con estes.

A valoración da mesma será a razón de 0,005 puntos por hora impartida excluíndose Congresos, Conferencias, Seminarios, Xornadas, Simposios, Encontros ou semellantes.

- En ningún caso valoraranse os méritos que non se atopen debidamente xustificadas no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias. Tampouco serán tidos en conta aqueles méritos que se baseen exclusivamente en afirmacións vertidas polo solicitante na súa instancia ou nas aclaracións que ofrezca, en caso de ser solicitadas posteriormente polo Tribunal, nin os que se xustifiquen por copias simples.

**- Méritos de valoración Autonómica:**

A valoración dos méritos autonómicos efectuarase de conformidade co disposto no Decreto 49/2009, de 26 de febreiro.

**- Méritos xerais:**

A valoración dos méritos xerais efectuarase de conformidade co disposto na normativa estatal reguladora, ata un total de 19,50 puntos.

- Entrevista persoal:

Non se prevé a realización de entrevista persoal.

- Coñecemento da lingua galega:

De acordo co establecido no Decreto 133/2008, de 8 de maio, esíxese como requisito en coñecemento da lingua galega, que se acreditará mediante a presentación, coa solicitude de participación no concurso ou da petición de cobertura do posto, da documentación justificativa de estar en posesión do certificado da lingua galega (Celga 4) ou do seu equivalente.

#### **COMISIÓN DE VALORACION:**

##### **Titulares:**

Presidente: Manuel Castiñeira Castiñeira, Xefe do Servizo de Asistencia e Asesoramento Xurídico e Técnico aos Concellos da Deputación de Lugo.

Secretario: Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo.

1º vocal: Fernando De Abel Vilela, Profesor titular de Dereito Administrativo da USC.

2º vocal: Lois Eduardo Matías Sánchez, Secretario-Interventor do Concello de Bóveda.

3º vocal : Ana Sampedro Millares, Secretaria-Interventora do Concello de Castroverde.

##### **Suplentes:**

Presidente: Valentín Lago González, Letrado-Asesor da Deputación de Lugo.

Secretario: Xesús Arrizado Yáñez, Técnico-Asesor de Recursos Humanos da Deputación de Lugo.

1º vocal: Antonio Xabier Ferreira Fernández, Profesor titular de Dereito Administrativo da USC.

2º vocal : Rafael Castillo Reboiro, Secretario-Interventor do Concello de Pobra de Brollón.

3º vocal: Rosa Pérez López, Secretaria-Interventora do Concello de Navia de Suarna.”

Pol, 19 de xaneiro de 2016.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega

R. 0078

---

## **O VICEDO**

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía de 13 de xaneiro de 2016 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, dun axente TIC, a media xornada, como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo para a aula CEMIT do Vicedo.

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán retirar copia das bases no rexistro xeral do Concello do Vicedo ou no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: [empregovicedo.blogspot.com](http://empregovicedo.blogspot.com).

O Vicedo, 13 de xaneiro de 2016.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0064

---

## **CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

### *Anuncio*

#### **1. ENTIDADE ADXUDICADORA:**

- a) Organismo: Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.
- c) Nº de expediente: CON1/SU15-ABO

- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982 260 202
- g) Correo electrónico para facer consultas: consorcio.incendios@deputacionlugo.org.
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.salvamentolugo.org//>

## 2. OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo: Subministración
- b) Descrición: Subministración dun vehículo bomba nodriza pesada (BNP) para o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.
- c) División por lotes: Non
- d) Admisión de prórroga: O prazo contractual unicamente se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente e apreciadas polo órgano de contratación
- e) Prazo de entrega: Seis meses.
- f) Lugar de entrega: Parque de Bombeiros de Monforte de Lemos, ou en calquera outro lugar designado polo Consorcio
- g) CPV: 34144210 - 3.... - Vehículos de extinción de incendios

## 3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa
- c) Criterios de adxudicación (ver cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas)

## 4. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:

Importe neto: 203.000,00 euros. I V E ( 21%). Importe total: 245.630,00 euros

## 5. ADXUDICACIÓN:

- a) Data: 5 de novembro de 2015.
- b) Contratista: VEICAR S.L.
- c) Importe neto: 191.366 euros. I V E: 21%. Importe total: 231.552,86 euros.
- d) Data de formalización do contrato: 20 de novembro de 2015.

En Lugo, a 15 de xaneiro do 2016.- O SECRETARIO INTERVENTOR, José Antonio Mourelle Cillero

R. 0077